

# EXPERIMENTOS



C.E.I.P BARRIÉ DE LA MAZÁ

ESTIMADAS FAMILIAS:

DENDE O EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL VAMOS A PRESENTÁRVOS DIFERENTES EXPERIMENTOS E EXPERIENCIAS QUE PODEDES FACER NAS CASAS COS VOSOS FILLOS E FILLAS.

CABE DESTACAR QUE É UNHA ACTIVIDADE VOLUNTARIA COA QUE OS NENOS E NENAS SE PODEN DIVERTIR MOITO E PASAR UN BO RATO EN FAMILIA.

SE FACEDES ALGÚN PODEDES ENVIALO Ó CORREO:

**[sandra.einfantil@gmail.com](mailto:sandra.einfantil@gmail.com)**

AGARDAMOS QUE VOS GUSTEN.

UN ABRAZO ENORME

O EQUIPO DE INFANTIL

# 1. MASA DE SAL

## MATERIAIS

1. 2 MEDIDAS DE FARIÑA
2. 1 MEDIDA DE SAL FINA
3. 1 MEDIDA DE AUGA QUENTE



## PREPARACIÓN

- MEZCLAMOS A FARIÑA E O SAL
- VERTEMOS A AUGA QUENTE POUQUIÑO A POUCO E REMOVEMOS BEN ATA QUE SE FORME UNHA MASA UNIFORME.
- A CONTINUACIÓN AMASAMOS ATA QUE A MASA DEIXE DE ESTAR PEGAÑENTA, SE SEGUE PEGÁNDOSE MOITO AÑADIMOS UN POUCO DE FARIÑA E SAL A PARTES IGUAIS. POR OUTRA BANDA, SE QUEDA MOI SECA PODEMOS AÑADIR UN POUQUIÑO DE AUGA.

**NOTA: A MASA PODE REUTILIZARSE SE A GARDAMOS NUN RECIPIENTE CERRADO NO FRIGORÍFICO. PARA CONSERVAR AS NOSAS CREAÇÕES DEBEMOS METELA NO FORNO A 100 GRADOS DURANTE UNS MINUTOS, UNHA VEZ SECA PODE PINTARSE.**

# 2. PLASTILINA CASEIRA

## MATERIAIS

1. UNHA TAZA DE FARIÑA DE TRIGO
2. ½ TAZA DE SAL FINA
3. 1/3 DE TAZA DE AUGA QUENTE
4. 2 CUCCHARADAS DE ACEITE (OLIVA OU XIRASOL)
5. COLORANTE ALIMENTICIO



## PREPARACIÓN

- MEZCLAMOS A FARIÑA, O SAL E REMOVEMOS BEN.
- VERTEMOS O COLORANTE ALIMENTICIO E O ACEITE NA AUGA QUENTE E ÍMOLO AGREGANDO A MEZCLA ANTERIOR REMOVENDO.
- UNHA VEZ FEITO ISTO DEIXAMOS ENFRIAR E AMASAMOS COAS MANS ATA CONSEGUIR A TEXTURA ADECUADA (NIN MOI SECA NIN MOI PEGAÑENTA).

**NOTA: PARA QUE SE MANTEÑA EN BO ESTADO GÁRDASE NUN RECIPEnte OU BOLSA HERMÉTICA DENTRO DO FRIGORÍFICO.**

**SE CANDO SAQUEDES A PLASTILINA ESTÁ DURA CON AMASALA UN POUCO XA ESTARÁ PERFECTA**

# 3. MEZCLA DE CORES

## MATERIAIS

1. AUGA
2. COLORANTES ALIMENTICIOS



## PREPARACIÓN

- VERTER UN POUCO DE AUGA EN PEQUEÑOS RECIPIENTES E AGREGAR UNAS GOTAS DE COLORANTE ALIMENTARIO COAS 3 CORES BÁSICAS: AMARELO, AZUL E VERMELLO.
- A CONTINUACIÓN PÓDENSE IR COMBINANDO OS DISTINTOS LÍQUIDOS PARA A CREACIÓN DE NOVAS CORES.

**NOTA: AS CORES XERADAS PÓDENSE USAR PARA PINTAR OU TINTAR OUTROS MATERIAIS DE XOGO.**

# 4. ARCOÍRIS

## MATERIAIS

1. MEL
2. FAIRY( OU SIMILAR)
3. AUGA
4. ACEITE
5. ALCOHOL
6. COLORANTES ALIMENTICIOS



## PREPARACIÓN

- NUNHA BOTELLA TRANSPARENTE INTRODUCIMOS OS LÍQUID OS NA SEGUINTE ORDE: MEL, FAIRY,AUGA CON COLORANTE VERMELLO, ACEITE DE XIRASOL OU OLIVA E POR ÚLTIMO O ALCOHOL CUNHA GOTIÑA DE COLORANTE AZUL.
- A CONTINUACIÓN DEIXAMOS REPOUSAR E VERÁNSE AS CORES DIFERENCIADAS POR CAPAS.

**NOTA: PÓDESE USAR COMO A BOTELLA DA CALMA. CANDO OS NENOS E NENAS SE ATOPEN ENFADADOS OU TRISTES PODEMOS EXPLICARLLES QUE É UNHA BOTELLA PARA CALMARSE E ESTAR TRANQUILOS E TRANQUILAS, IRÁN A UN RECUNCHO CON ELA E INTENTARÁN CALMARSE.**

# 5. CORRENTES DE AZÚCAR

## MATERIAIS

1. LACASITOS
2. AUGA QUENTE



## PREPARACIÓN

- NUN PEQUENO PRATO COLOCAMOS LACASITOS DE DIFERENTES CORES, INTERCALANDO UNS TONOS E OUTROS.
- A CONTINUACIÓN BOTAMOS UN POUCO DE AUGA QUENTE PARA CREAR UNHA CAPA FINIÑA DE LÍQUIDO. POSTERIORMENTE AS CORES IRÁNSE FUNDINDO SEN MEZCLARSE ENTRE SÍ.

**NOTA: O EXPERIMENTO PÓDE USARSE CON CALQUERA TIPO DE CHOCOLATE QUE TEÑA COBERTURA DE COR.**

# 6. SLIME DE SEMILLAS DE CHÍA

## MATERIAIS

1. SEMENTES DE CHÍA
2. FARIÑA DE TRIGO
3. COLORANTE ALIMENTICIO(OPCIONAL)



## PREPARACIÓN

- POÑER AS SEMENTES DE CHÍA NUN RECIPIENTE E CUBRIR CO DOBRE DE AUGA ( SI SE QUERE DE COR AÑADIR A AUGA O COLORANTE ALIMENTICIO).
- DEIXAR REPOUSAR UNHAS HORAS ATA QUE AS SEMENTES SE HIDRATEN E SOLTEN UN XEL VISCOSO
- A CONTINUACIÓN AÑADIR UN POUCO DE FARIÑA DE TRIGO E AMASAR ATA QUE A TEXTURA NON SEXA PEGAÑENTA.

**NOTA: TAMÉN SE PODE FACER CON SEMENTES DE LINO.**

**DESPOIS DUN RATO SEN USAR BÓTASELLE UN POUCO DE AUGA NO MEDIO E VOLVE A AMASARSE PARA QUE RECUPERE A TEXTURA ORIXINAL.**



# 7. CHUVIA DE CORES

## MATERIAIS

1. ESPUMA DE AFEITAR
2. AUGA
3. COLORANTES ALIMENTICIOS



## PREPARACIÓN

- NUN RECIPIENTE TRANSPARENTES AGREGAMOS AUGA E CUBRIMOS CON ESPUMA DE AFEITAR.
- AÑADIMOS UNHAS GOTAS DE COLORANTE ALIMENTICIO QUE IRÁN PENETRANDO POLA ESPUMA E EXTENDÉNDOSE POLA AUGA PARA CREAR UNHA CHUVIA DE CORES.

**NOTA: AS CORES PÓDENSE AÑADIR TODAS Á VEZ OU DE UNHA EN UNHA, ESPERANDO A QUE O PRIMEIRO TIÑA A AUGA PARA AGREGAR O SEGUINTE.**

# 8. PINTURAS DE ESPUMA

## MATERIAIS

1. ESPUMA DE AFEITAR
2. COLORANTES ALIMENTICIOS
3. PINCEIS, ESPONXAS...(OPCIONAL)



## PREPARACIÓN

- MEZCLAR EN PEQUEÑOS RECIPIENTES A ESPUMA DE AFEITAR E O COLORANTE ALIMENTICIO DE DISTINTAS CORES.
- EXPERIMENTAMOS COMBINANDO CORES COAS MANS, PINCEIS...SOBRE PAPEL OU OUTRAS SUPERFICIES.

# 9. PINTURAS DE XEO

## MATERIAIS

1. AUGA
2. COLORANTES ALIMENTICIOS
3. PALITOS (OPCIONAL)
4. CUBITEIRAS



## PREPARACIÓN

- MEZCLAMOS UN POUCO DE AUGA CON DIFERENTES COLORANTES ALIMENTICIOS
- GARDAMOS NO CONXELADOR
- UNHA VEZ CONXELADOS PODEMOS USALOS PARA PINTAR CON ELES.

**NOTA: OS XEOS PODEN TINTAR AS MANS PERO CON LAVAR AS MANS VARIAS VECES XA DESAPARECE.**

**SE QUEREMOS UN EFECTO INTENSO DEBEMOS POÑER VARIAS GOTAS DE COLORANTE NA AUGA.**

# 10.COR E PAPEL

## MATERIAIS

1. PAPEL ABSORBENTE DE COCIÑA
2. ROTULADORES
3. AUGA
4. PIPETA, XIRINGA, PINCEIS...
5. BANDEXA DE PLÁSTICO OU SIMILAR



## PREPARACIÓN

- NO PAPEL DE COCIÑA PINTAR CON ROTULADORES
- PÓDESE PINTAR NUNHA ÚNICA CAPA E IR APLICANDO AUGA POUCO A POUCO COA XIRINGA, PIPETA...OU BEN DOBLAR POLA METADE E PINTAR AS 2 CAPAS ( NA SUPERIOR UNHA PARTE DO DEBUXO E NA INFERIOR A OUTRA PARTE), DE FORMA QUE O SUMERXILO SE FUSIONEN ( VER FOTO NO LATERAL SUPERIOR).

**NOTA: PODEMOS UTILIZALO PARA REPASAR OS NÚMEROS, LETRAS OU XOGO LIBRE.**

# 11. LEITE DE CORES

## MATERIAIS

1. LEITE ENTEIRA
2. COLORANTES ALIMENTICIOS DE VARIAS CORES
3. FAIRY OU SIMILAR
4. BASTONCILLO



## PREPARACIÓN

- NUN PRATO VERTEMOS UNHA CAPA FINIÑA DE LEITE
- AÑADIMOS NO CENTRO UNHAS GOTAS DE VARIOS CORES DE COLORANTE
- MOLLAMOS O BASTONCILLO NUN POUCO DE FAIRY E INTRODUCÍMOLO NO LEITE, O QUE FARÁ QUE SE DISPERSEN AS CORES A MEDIDA QUE MOVEMOS O BASTONCILLO.

NOTA: PODE AÑARDIRSE PURPURINA

# 12.OVO SALTARÍN

## MATERIAIS

1. OVO
2. VINAGRE
3. COLORANTE ALIMENTICIO(OPCIONAL)
4. RECIPIENTE CERRADO DE CRISTAL



## PREPARACIÓN

- INTRODUCIMOS O OVO NO RECIPIENTE E CUBRÍMOLO CON VINAGRE. OPCIONALMENTE PODEMOS BOTAR COLORANTE ALIMENTICIO PARA TINXIR O OVO.
- CERRAMOS E DEIXAMOS REPOUSAR 2 OU 3 DÍAS.
- PASADO O TEMPO SACÁMOLO E LAVÁMOLO CON AUGA FRÍA PARA RETIRAR OS RESTOS DE CÁSCARA.

**NOTA: O OVO AGUANTA PEQUENOS REBOTES, POLO TANTO NON LANZALO CON MOITA FORZA.**